



**Convocatoria de ocupación de espazos no Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicación (CITIC) na Universidade da Coruña.**

**Artigo 1 Obxecto da convocatoria**

O obxecto da presente convocatoria é a adxudicación da ocupación temporal mediante autorización demanial do espazo emprazado (A-2.05 e A-2.12) no Edificio do CITIC coas características e situación que constan no plano do Anexo III desta convocatoria.

**Artigo 2. Duración da ocupación.**

O prazo de ocupación do espazo é de 1 ano, prorrogable anualmente, ata un máximo de 4 anos.

**Artigo 3. Beneficiarios**

Poderán solicitar o espazo todas aquelas empresas interesadas que desenvolvan a súa actividade económica no ámbito das TIC.

**Artigo 4. Presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días e iníciase o dia seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC.

As solicitudes dirixiranse ao Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia e deberán entregarse en calquera dos rexistros da UDC (Rexistro Xeral na Maestranza, Rexistro do campus de Ferrol, Rexistro do campus de Elviña), preferentemente ao través do rexistro da sede electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>) ou a través dos medios aos que se refire a o artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Adicionalmente os solicitantes remitirán a solicitude en formato dixital á conta de correo electrónico: [administracion.citic@udc.es](mailto:administracion.citic@udc.es)

A solicitude se realizará consonte o formulario que aparece como Anexo I debidamente asinado e irá acompañada da seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade xurídica da empresa por calquera dos medios admitidos en dereito (escritura ou o documento de constitución e de modificación, os estatutos ou o acto fundacional en que consten as normas mediante as cales se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no rexistro oficial oportuno).
- b) Declaración responsable de se atopar ao día no cumprimento das súas obrigas ante a Universidade da Coruña e das tributarias ante as facendas estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
- c) Xustificante de estar ao día no pagamento do imposto sobre actividades económicas da epígrafe correspondente, mediante a presentación do último recibo.



- d) Relación dos traballos realizados no ámbito das TIC nos que se mantivese vínculo coa UDC nos últimos 5 anos, indicando os importes, as datas e os beneficiarios destes. Entre eles, contratos e convenios, proxectos de I+D+i, rexistros de propiedade industrial e intelectual, publicacións, comunicación en congresos, etc.
- e) Resumo sinóptico, dun máximo dunha folla DINA4 por ambas as caras, indicando os puntos fortes da empresa en ámbitos das TIC, e describindo cal é a súa actividade.
- f) Nomeamento dunha persoa delegada con capacidade de representación para todo o relacionado coa execución desta convocatoria e da ocupación do espazo correspondente (Anexo II)
- g) Descripción da actividade que desenvolverá a empresa no espazo cedido:
- i. Definición do obxectivo que se persegue.
  - ii. Descripción e orzamento global das infraestruturas accesibles publicamente para actividades de I+D cedidas ao CITIC.
  - iii. Descripción da actividade que se desenvolverá, incluídos o alcance, os axentes (empresas, grupos de investigación, institucións públicas, etc.) implicados e a súa planificación,durante o primeiro ano (detalladamente) e a 4 anos (de forma xenérica).
  - iv. As persoas que integrarán a iniciativa, con indicación do seu vínculo coa empresa.
  - v. A descripción dos resultados da investigación ou do coñecemento que se van explotar.
  - vi. Calquera outra cuestión que se considerar de interese.

Os méritos que alegaren as empresas así como o cumprimento dos requisitos deberán concorrer á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e acreditaranse mediante as copias dos documentos xustificativos. Antes da súa incorporación ao CITIC, os adxudicatarios deberán presentar os orixinais dos documentos.

A presentación de solicitudes supón a integra aceptación do réxime establecido na presente convocatoria.

#### Artigo 5: Comisión de selección e seguimiento.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes reunirase a Comisión de selección e seguimiento formada por:

- a) Vicerreitor de Política científica, Investigación e Transferencia.
- b) Adxunto de transferencia ao vicerreitor de Política científica, Investigación e Transferencia.
- c) Director do CITIC
- d) Persoa responsable no ámbito de transferencia do CITIC.
- e) Un representante da dirección da Oficina de Transferencia de Resultados (OTRI) da UDC.

A avaliación das solicitudes presentadas se realizará pola comisión de acordo cos seguintes criterios:

- a) Achegas de infraestruturas comúns para actividades de I+D vinculadas ao CITIC,



especialmente a instalación de equipamento de acceso público para o CITIC.

- b) Proxecto de I+D no sector das TIC que se desenvolverá nas instalacións do CITIC. Valorarase especialmente a aliñación e a implicación no proxecto das distintas áreas tecnolóxicas do CITIC, así como doutros axentes do tecido industrial, e o carácter estatal ou internacional deste.
- c) Execución de proxectos e programas de investigación e de desenvolvemento relacionados coas TIC en colaboración cos departamentos, institutos, centros de investigación e grupos de investigación da UDC, e particularmente co CITIC.
- d) Organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector das TIC.
- e) Estadías e contratacóns de estudiantes e titulados da UDC na empresa, no sector das TIC e moi especialmente doutores.
- f) A transferencia de tecnoloxía e o retorno económico á UDC. Valorarase especialmente a aplicación de resultados de proxectos de I+D desenvolvidos polo persoal docente e investigador da UDC, así como o retorno económico que a súa explotación poida ofrecerlle á UDC no sector das TIC.
- g) Os aspectos técnicos relevantes relativos ao especificado na convocatoria e os puntos de mellora sobre a dita convocatoria que ofrece a empresa solicitante.
- h) Cantas outras actividades foren consideradas de interese, dentro das dispoñibilidades da empresa e das que constitúen o obxecto desta convocatoria.

#### Artigo 6. Resolución

Unha vez valoradas as solicitudes pola comisión, esta elevará ao reitor a proposta de adxudicación para a súa resolución. A dita resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC ([https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board)) e na páxina web do CITIC (<https://www.citic.udc.es/>) e poderá ser obxecto dun recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes.

#### Artigo 7. Réxime xurídico da cesión de espazos

A UDC, no marco desta convocatoria e para o período que esta abrangue, cédelle á empresa, en réxime de autorización demanial, o uso exclusivo do espazo descrito no Anexo III, de acordo coas condicións que se recollen a seguir.

##### a) Gastos da cesión de uso

A empresa deberá satisfacer mensualmente, desde o momento da cesión, a cantidade de 13 € por m<sup>2</sup> incrementada co IVE correspondente, segundo as normas vixentes ao respecto. O pagamento efectuarase durante os sete primeiros días de cada mes.

A cantidade que cómpre pagar poderá ser revisada anualmente durante a vixencia deste acordo.

##### b) Gastos comúns

Os gastos comúns (auga, luz, seguridade, limpeza, mantemento xeral etc.) ligados ao funcionamiento dos espazos ocupados pola empresa serán satisfeitos proporcionalmente por esta desde o momento en que lle foren cedidas as instalacións.

Estes gastos calcularanse anualmente tendo como referencia os gastos comúns en que incorrese a UDC, áínda que sen exceder os prezos de mercado, e imputárselle á empresa en función do espazo ocupado. Para o exercicio o importe a pagar é de



4 € por m<sup>2</sup> anuais, incrementados co IVE correspondente, segundo as normas vixentes ao respecto.

A cantidade que cómpre pagar poderá ser revisada anualmente durante a vixencia deste acordo.

Así mesmo, a empresa satisfará os tributos que puideren corresponderlle.

**c) Instalacións dos espazos cedidos**

O espazo posto á disposición da empresa conta coas instalacións básicas e figurarán no correspondente acordo

A instalación e o mantemento de calquera equipo ou servizo adicional que puder requirir a empresa correrán pola súa conta e necesitarán un permiso previo por escrito da UDC.

**d) Obrigas de conservación**

A empresa abrigase a manter as características do espazo cedido, e non realizará obras que alteren a súa estrutura sen permiso escrito da UDC, agás pequenas reparacións necesarias para paliaren o desgaste ordinario, ou aquellas que foren necesarias e urxentes para evitar un dano inminente ou unha incomodidade grave. Neste caso deberá comunicalo previamente á UDC.

Os gastos derivados destas reparacións necesarias e urxentes correrán a cargo da UDC, que poderá esixirlle á empresa o reembolso das cantidades entregadas por tales conceptos, tras a acreditación destas.

Os danos ou as indemnizacións necesarias por causa de defectos materiais ou ocultos nas instalacións ou no edificio serán asumidos íntegramente pola UDC. Se tales indemnizacións afectaren ao uso das instalacións por parte da empresa, o importe do alugamento establecido neste acorde reducirase temporalmente de maneira proporcional.

**e) Destino**

A empresa destinará os espazos e as instalacións única e exclusivamente ao desenvolvemento de actividades de I+D no sector das TIC.

Se para levar a cabo a actividade de I+D da empresa no ben cedido fai necesaria a obtención de calquera tipo de licenza ou de permiso, a empresa comprométase a obtelo pala súa conta.

A empresa non poderá en ningún caso arrendar ou ceder, en todo ou en parte, os bens cedidos. De isto acontecer, a UDC poderá dar por finalizada validamente a cesión de forma inmediata, sen lugar a indemnización ningunha en favor da empresa, e poderá esixir a devolución dos espazos e instalacións sen necesidade de ningún tipo de requerimento previo pola súa parte.

**f) Responsabilidades**

A empresa asumirá os gastos de reparación dos danos causados a persoas e bens derivados do desenvolvemento da súa actividade. Para tal efecto, deberá subscribir o seguro de responsabilidade civil oportuno.

**g) Normativa de seguridade e hixiene no traballo.**

A empresa comprométese a cumplir as normas, os procedementos e as instrucións establecidas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC, así como os procedementos do CITIC relativos ao acceso e uso das instalacións e recursos comúns recollidos no seu sistema de xestión da calidade.



#### **h) Entrega dos espazos e das instalacións**

Os espazos mencionados e as instalacións entregaránse á empresa tras a sinatura do acordo correspondente e consonte co recollido nel. No momento da súa entrega, as partes deberán verificar que se cumpren os termos establecidos e que se entregan en condicións adecuadas.

#### **i) Restitución dos espazos e das instalacións**

Unha vez vencido o período inicial ou a última prórroga do acorde, a empresa restituíralle os espazos e as instalacións á UDC nas mesmas boas condicións en que as recibiu, agás a deterioración natural causada polo uso lexítimo.

#### **j) Xuros de mora**

No caso de existir demora nos pagamentos debidos e especificados nesta convocatoria ou nos convenios específicos subscritos ao seu abeiro, os pagamentos gravaranse co tipo legal de xuro de mora que publica semestralmente no *Boletín Oficial do Estado* o Ministerio de Economía e Facenda.

### **Artigo 8. Modificación e resolución**

As partes poderán modificar ou resolver o correspondente acordo específico en calquera momento por mutuo acordo. As modificacións serán mínimas e debidamente xustificadas.

De igual maneira, poderán cancelar o acordo en calquera momento tras a comunicación por escrito á outra parte con tres meses de antelación.

Así mesmo, constitúe causa de resolución do acordo o incumprimento das obrigas das partes. Para estes efectos, considérase incumprimento das partes, entre outros, a falta de pagamento, o arrendamento ou a cesión sen consentimento, a realización por parte da empresa de obras sen autorización e causar danos dolosamente nos bens cedidos.

A resolución anticipada do acordo poderá dar lugar á indemnización dos danos e dos prexuízos derivados dela.

En calquera caso, deberán completarse as tarefas dos convenios específicos que estiveren en vigor.

### **Artigo 9 . Obrigas da empresa beneficiaria do espazo**

Son obrigas da empresa beneficiaria as seguintes:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a cesión de infraestruturas comúns propostas se for o caso, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión do espazo.
2. Xustificar perante a UDC, se far o caso, que cumple os requisitos e as condicións necesarios, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaren a concesión ou o aproveitamento do espazo.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a UDC, se far o caso, así como a calquera outra de comprobación e de control que puideren realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle far requirida no exercicio das actuacións anteriores.



As empresas beneficiarias gardarán con absoluto rigor o segredo profesional e adquirirán o compromiso de non utilizaren en ningún caso as infarmacións que puideren chegar a coñecer con motivo do traballo que desenvolveren. Este compromiso será válido non só durante o período de permanencia no CITIC, senón tamén unha vez que finalice este, por un período que, de ser o caso, establecerá a propia UDC.

#### Artigo 10. Incompatibilidades

A adxudicación é incompatible con outras cesións da mesma natureza da Universidade da Coruña.

Consonte a isto, a empresa aspirante deberá declarar ao asinar a solicitude no modelo oficial (Anexo I)que son certos todos os datos que se consignan na solicitude, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria

#### Artigo 11. Acordo regulador

1. A empresa adxudicataria subscibirá un acordo coa UDC que regulará o modelo de relación entre esta e a empresa, así como as condicións do uso dos espazos e medios que a UDC pon á disposición do(s) promotor(es) e especificará o custo deste uso, así como as abrigas de mantemento e coidado que asumen as persoas usuarias.
2. En caso de a empresa ter como base dalgún dos seus produtos ou servizos a explotación de propiedade industrial ou intelectual da UDC, o acordo deberá incorporar como anexo o correspondente contrato ou convenio de licenza. Nel terá que facerse constar o tipo de retorno que recibirá a UDC pola súa cesión ou licenza, de acorde co que establece a normativa universitaria aplicable.

#### Artigo 12. Seguimento da actividade da empresa

Anualmente cada empresa presentará un informe de actividades desenvolvidas dirixido á Comisión de Selección e Seguimento, cuxa constitución se recolle no artigo cinco desta convocatoria.

#### Artigo 13. Natureza da relación coas empresas adxudicatarias e interrupción da cesión de espazos

A empresa seleccionada e o seu persoal non adquieren ningunha relación contractual, laboral, administrativa nin estatutaria coa Universidade da Coruña. A cesión do espazo non implica ningún compromiso de posterior incorporación dos empregados da empresa ao seu cadre de persoal.

Doutra parte, as empresas perderán o dereito á cesión do espazo se, despois de se lles conceder, por algunha razón non realizaren as tarefas previstas ou as fixeren con notoria deficiencia a xuízo da Comisión de Seguimento, que deberá oír a empresa interesada.

En caso de renuncia, a empresa beneficiaria deberá notificarlle por escrito esta circunstancia ao coordinador/a do CITIC cunha antelación mínima de tres meses. De se autorizar a renuncia nos primeiros seis meses desde a concesión, o espazo adxudicáraselle á empresa que tiver máis puntuación na listaxe de reserva efectuada para o efecto, e que realizará os pagamentos correspondentes desde o día da incorporación até o remate do período previsto se non houbese o cambio.



#### Artigo 14. Recursos contra a convocatoria

Contra a presente convocatoria poderá interpoñerse un recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, sen prexuízo de poder interpoñer, no prazo dun mes, previo e potestativo recurso de reposición ante este mesmo órgano, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998 e no artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015

A Coruña, de xuño de 2019

O reitor,

Julio E. Abalde Alonso



## ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

Convocatoria de ocupación de espazos no Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicación (CITIC) na Universidade da Coruña.

## DATOS DA EMPRESA

Nome da empresa		
Localidade e provincia da sede principal		Nacionalidade
Domicilio (rúa, número e piso)		Localidade, provincia e código postal
Correo electrónico	Teléfono	Fax

Solicita participar no proceso de selección da:

Convocatoria de ocupación de espazos para empresas no CITIC	Data da convocatoria
---	----------------------

Para tal efecto acompaña esta solicitude dos documentos xustificativos e os méritos alegados (Listar a documentación que se achega):

A persoa que asina abaixo, en representación da empresa solicitante, declara que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude, así como que a empresa reúne as condicións esixidas na convocatoria para ser seleccionada como empresa adxudicataria.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

SR. VICERREITOR DE POLÍTICA CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA




ANEXO II: MODELO DE NOMEAMENTO DO/A DELEGADO/A DA EMPRESA

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ como apoderado/a da  
empresa \_\_\_\_\_, nomea a D./D<sup>a</sup>.  
\_\_\_\_\_  
como delegado/a da empresa ante a Universidade  
da Coruña con capacidade de representación para todo o relacionado coa convocatoria  
pública de cesión de espazos para a instalación de empresas no **CITIC** da UDC.  
Comunícole isto para os efectos oportunos.

(Lugar e data)

(Sinatura)

### ANEXO III: PLANO DOS ESPAZOS A-2.05 E A-2.12



ANDAR -2		SUP	CENTRO: CITIC	CAMPUS: A CORUÑA - ELVINA
+0	00 USO			
-2	00 SUP CONSTRUIDA	665,22		
-2	01 CIUDAD DE INSTALACIONES	63,09		
-2	02 SALA DE INSTALACIONES	9,46		
-2	03 ASEO ADAPTADO	3,50		
-2	04 ASEO UNSEX	8,13		
-2	05 SALA DE EMPRESAS	33,26		
-2	06 SALA DE EMPRESAS (AVANZADA)	65,36		
-2	07 SALA DE RAC'S	71,94		
-2	08 VESTIBULO	1,97		
-2	09 SALA DE EMPRESAS (AVANZADA)	64,40		
-2	10 SALA DE EMPRESAS	24,86		
-2	11 SALA DE EMPRESAS	26,78		
-2	12 SALA DE EMPRESAS	46,14		
-2	13 PASILLO	143,00		

PROYECTO/PLANO DE ESTADO ACTUAL	PLANO: ANDAR -2	CENTRO: CITIC	CAMPUS: A CORUÑA - ELVINA
ESCALA: 1/200 L-A-3	1	2,5	3m
ARQUITECTO: XANGAS ARELLA	FECHA DE CONSTRUCCIÓN: 2006		
VICEFRENTORÍA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUCTURAS	FECHA DE ACTUALIZACIÓN: XUNIO 2019		
SERVICIO DE ARQUITECTURA, URBANISMO E EQUIPAMIENTOS	Nº: 001		
DIRECCIÓN GENERAL DE INVESTIGACIONES			